



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 8 de xaneiro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIA ACCIDENTAL**

DONA ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:55 horas do día 8 de xaneiro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02/01/2018, que se aprobou por unanimidade.

**Propuestas**

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2018/106**

Dáse conta de escrito presentado por **D. Carlos Amo Doce** solicitando autorización para instalar un posto de churros de 2 m. na Avda. das Carolinas, na beirarrúa situada na fachada do Supermercado ALCAMPO.

Dáse Conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, xa que a instalación obstaculizaría o paso dos peóns.

**PRP2018/107**

Dáse conta de informe do Xefe de Alumado Público e Mantemento en relación con incidentes por mala calidade do fornezo de electricidade por parte de Unión Fenosa Distribución ao Campo de Fútbol de Berdón e indicando que se fixo unha reclamación o 22 de febreiro de 2017 sen que se recibira ningunha contestación ata o momento, polo que considera oportuno poñer en coñecemento da Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Galego de Consumo a deficiencia co fin de poder resolver o problema.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e da a súa conformidade á proposta.

Dar conta ao Servizo de Alumado Público.

**PRP2018/125**



Vista a proposta do Responsable de Compras do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **PAPERSTORE, S.L.**, para o subministro de 2.500 paquetes DIN A-4 NAVIGATOR 80 GRS 500 follas, así como 65 paquetes de DIN A-3 para os distintos servizos do Concello, por un importe total de 7.910,62 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

### **Benestar Social**

#### **PRP2018/116**

Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

- A concesión dunha subvención á entidade “Fundación Acción contra el hambre” por importe de 11.484,23 € para o desenvolvemento do Proxecto Vives Emplea perante o período de xaneiro a decembro de 2018 con cargo á partida 231.489, segundo os termos establecidos no convenio.
- Aprobar a cesión de espazos municipais localizados no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa, segundo os termos establecidos no convenio.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2018/117**

Vista a proposta do Encargado Xefe do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gasocentro Caldas, S.L.** para o subministro de 4.000 litros de gasóleo para calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 2.720,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **Mercados**

#### **PRP2018/118**

Dáse conta de escrito presentado por **D.Mawdo Gueye** solicitando a baixa dos postos nº 110-112-114 da Zona Alexandre Bóveda, do mercado semanal de Vilagarcía de Arousa, por problemas de saúde.

Visto o informe do Xefe De Mercados e de conformidade co establecido no Artigo 18.1 do Regulamento Municipal de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e proceder á súa baixa no Padrón do Mercadillo con data de 31 de decembro de 2017.

#### **PRP2018/119**

Dáse conta de escrito presentado por **Dona Asunción Camacho Gabarre** solicitando a expedición de tarxeta de venda ambulante para poder vender no mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta do informe do Xefe de Mercados no que se indica que a Sra. Camacho Gabarre exercía con autorización a venda no mercado, deixando de exercer a actividade fai meses,



segundo indica por enfermidade grave da súa nai, polo que se considera que non puido entregar a documentación en prazo por causas alleas á súa vontade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá acudir, á maior brevidade, á Oficina de Mercados, a fin de presentar a correspondente instancia de declaración responsable e achegar á mesma a documentación necesaria para exercer a venda ambulante e obter a correspondente tarxeta.

## **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

### **PRP2018/120**

Por acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra, outorgouse unha subvención por importe de 353.593,18€, con cargo ao Plan Provincial de Obras de Servizos (Plan Concellos) 2017, co obxecto de financiar o investimento denominado “Humanización da praza de Galicia e un tramo da rúa Padre Feijoo”.

Tramitado expediente de contratación, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2017 adxudicouse á mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., (B36533537) a realización da citada obra, por un importe de 150.048,15€ ao que lle corresponde un IVE (21%) de 31.510,11 o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 181.558,26€.

Considerando a dificultade que entraña a execución da obra, enténdese necesario a contratación dun control de calidade con empresa especializada no sector, co que se tramitou expediente de contratación a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, presentándose as seguintes ofertas:

<b>Licitador</b>	<b>Oferta IVE excluído</b>
Eurotec Inspección, S.L.U.	2.592,00€
Estabiliza Geotecnia, S.L.	3.605,80€
Enmacosa Consultoría Técnica, S.A.	4.230,00€

En atención ó exposto e, tendo en conta que a oferta máis económica e a da empresa **Eurotec Inspección, S.L.** (CIF: B94116688), a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á citada empresa do servizo de control de calidade da obra “Humanización da praza de Galicia e un tramo da rúa Padre Feijoo”, polo importe de 2.592,00€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE 21% de 544,32€ o que totaliza un importe de adxudicación de 3.136,32€ € (IVE engadido).

### **PRP2018/121**

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra onde se adianta a cantidade asignada ao Concello de Vilagarcía de Arousa no Plan Concellos para os exercicios 2018 e 2019, que ascende a 2.411.533,08 €, correspondendo 1.411,508,20 € ao ano 2018 e 1.000.024,88 € ao ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2018/122**

Dáse conta da publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 2, do 3 de xaneiro de 2018, das bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:40 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.